

DECRETO .../2018, do ... de ..., polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes, plasmou a través de distintos artigos a intención do lexislador de axilizar os trámites burocráticos que a normativa vixente, non só a autonómica senón tamén a estatal, impoñía ás persoas propietarias ou ás empresas forestais cando querían realizar aproveitamentos forestais madeireiros ou leñosos. Esta situación provocaba unha importante lentitude e o encarecemento da tramitación das solicitudes de autorización de cortas.

Agora a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, homoxeneizou estas previsións coas normas posteriores á Lei 7/2012, do 28 de xuño, para conseguir que, sen menoscabo dos intereses públicos que se pretenden protexer, se acade unha simplificación administrativa que faga menos complicada a actividade do sector forestal, de grande importancia nesta comunidade autónoma.

Así, e sen prexuízo do réxime de autorizacións necesario para determinados supostos, consolídase tamén a declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal, sen que iso supoña unha diminución da preservación dos valores culturais, naturais e paisaxísticos de Galicia, conseguíndose, en definitiva, a optimización de recursos humanos e a simplificación e normalización dos procedementos de autorización de aproveitamentos forestais.

O Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal, desenvolveu a Lei 7/2012, do 28 de xuño, no relativo á realización das devanditas actuacións, regulando as distintas comunicacións ou autorizacións que tiñan que solicitar os interesados segundo o tipo de aproveitamento que foran a realizar.

Porén, cómpre agora desenvolver a modificación que da Lei de Montes e demais normativa sectorial realizou a devandita Lei 5/2017, do 19 de outubro, e proceder á modificación do referido Decreto 50/2014, do 10 de abril.

Consonte co artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, con carácter previo á elaboración do proxecto de decreto, substánciase unha consulta pública, a través do portal web desta Administración, para recopilar a opinión dos interesados e das súas organizacións mais representativas sobre as seguintes cuestións:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar;
- b) A necesidade e oportunidade da aprobación deste decreto;
- c) Os seus obxectivos;
- d) As posibles solucións alternativas reguladoras.